



Un espazo público
para crear, ensaiar,
producir e conectar talento

DO 29 XUÑO AO 10 XULLO

LABORATORIO DE CREACIÓN MUSICAL PARA A MOCIDADE

N 42° 15'
W 08° 43'

vigosonico.com | xuventudevigo.org

**vigo
sonico**
DISTRITO CREATIVO

RÚA DO PORTAL S/N
PARQUE TECNOLÓXICO
DE VALADARES

36315 VIGO

TALENTO
impulsa

Formación, práctica
e oportunidades

CREACIÓN
expresa

Estudios, ferramentas
e acompañamento

01 QUE É O LABORATORIO MUSICAL?



O Laboratorio Musical para a Mocidade é unha proposta educativa e cultural, impulsada polo Concello de Vigo e pensada para que a mocidade viva unha experiencia transformadora arredor da música. Durante dúas semanas, combinarán o traballo creativo co coñecemento real do funcionamento do sector musical: desde aprender a tocar e compoñer, ata producir cancións, planificar un concerto e comprender os dereitos de autoría.

É unha formación intensiva, divertida e útil para quen queira:

- Desenvolver o seu talento musical.
- Coñecer persoas coas mesmas inquedanzas.
- Contactar con profesionais en activo do sector.
- Descubrir posibles saídas profesionais no mundo da música.

02 A QUEN VAI DIRIXIDO?



Esta actividade está pensada para mozas e mozos de entre 13 e 25 anos, con ou sen formación musical previa, que:

- Toquen algún instrumento ou canten e queiran mellorar.
- Teñan interese pola creación, produción ou gravación musical.
- Teñan curiosidade polo mundo profesional da música: eventos, redes, dereitos, DJing...

Busquen unha experiencia de grupo, creativa e diferente.



TODOS OS ESTILOS SON BENVIDOS — *pop, rock, urbana, folk, electrónica, clásica, experimental...*

03 QUE VAN FACER DURANTE O LABORATORIO?

O Laboratorio está deseñado cun horario intensivo de luns a venres, de 9:30 a 14:00, cun enfoque 100% práctico e vivencial. Cada día estrutúrase en dous bloques:

BLOQUE A

09:30 – 11:30

Formación instrumental e traballo por bandas

- Clases de guitarra, baixo, batería ou voz.
- Traballo en grupo (combos musicais).
- Ensaio de repertorio propio.
- Activacións creativas con apoio pedagóxico.

BLOQUE B

12:00 – 14:00

Obradoiros especializados

Cada día explorarase unha dimensión distinta do mundo musical, da man de profesionais en activo: composición, produción, IA musical, comunicación, dereitos de autoría, posta en escena..



04 OBRADOIROS ESPECÍFICOS

1. COMPOSICIÓN E CREACIÓN DE CANCIÓNS.
2. CREACIÓN MUSICAL E APLICACIÓN DE RECURSOS DENDE A RAÍZ.
3. COMUNICACIÓN, BIOGRAFÍA E PODCAST PARA ARTISTAS. CREA O TEU EPK.
4. A MÚSICA COMO INDUSTRIA: AS DIFERENTES PROFESIÓN DO SECTOR.
5. PREPARA O TEU DIRECTO: RIDER TÉCNICO E BACKLINE.
6. PIPELINE ASISTIDO POR IA (COMO CREAR O TEU PERSONAXE NO ESCENARIO)
7. CÓMO PREPARAN AS E OS ARTISTAS PROFESIONAIS AS SESIÓN DE COMPOSICIÓN.
8. ACADEMIA MUSICAL: CLASES DE INSTRUMENTO E COMPOSICIÓN COLECTIVA.
9. IA APLICADA Á COMPOSICIÓN E PRODUCCIÓN MUSICAL.



- Unha visión 360° do mundo musical.
- Habilidades prácticas: tocar, gravar, producir, comunicar.
- O seu primeiro rider técnico, podcast ou demo.
- Experiencia real de traballo en equipo con outros mozos e mozas.
- Actuación final para mostrar o seu talento.
- Motivación, autoconfianza e novas vocacións.

05 EQUIPO DOCENTE

O equipo do laboratorio está formado por artistas, produtoras, produtores e docentes con experiencia real na industria:

MARÍA PÉREZ (MARÍA SOA) Música, compositora e docente. Creadora e compositora en Fillas de Cassandra.	WÖYZA Música, intérprete e compositora.
MARTIÑO MARTÍNEZ Guitarrista. Profesor de guitarra e baixo en Vigosónico.	ANTONIO LÓPEZ (TOÑO LÓPEZ) Cantante de Soul Jacket. Profesor de canto en Vigosónico.
ÁLEX GARCÍA Profesor de batería en Vigosónico.	MIGUEL MARCOS Autor, produtor e músico
SALVADOR GARCÍA Locutor e coordinador de espazos en Radio Vigo. Director do Maketón.	MIGUEL AREÁN Produtor musical e formador en tecnoloxías aplicadas á música.
YOLANDA RODRÍGUEZ ANIEVAS Subdirectora da Escola da Escola de Imaxe e Son (EISV).	MARÍA FERREIRÓS Músico e grado en Comunicación
MINGOS LORENZO Compositor e músico de sesión para Wea o Sony.	JAVIER DE LA TORRE “JT” Profesor de caracterización, deseño de personaxes e animación musical en EISV

COORDINACIÓN E DINAMIZACIÓN — Carolina Rivas, Carolina López e Marta Herrero, monitoras especializadas en tempo libre e procesos creativos para a mocidade.

DIRECCIÓN Juan Rivas, director de Vigosónico. Xestor cultural experto en dereitos de autor e industrias culturais

06 ONDE E CANDO?



Instalaciones públicas do Concello de Vigo: Vigosónico | Estrada do Portal s/n (Parque tecnolóxico de valadares) –Entre o centro de maiores a a guardería Galiña Azul–

07 QUE LEVAN AS E OS PARTICIPANTES?

DATAS	Do luns 29 de xuño ao venres 10 de xullo de 2026 (dúas semanas consecutivas, de luns a venres).
HORARIO	De 09:30 a 14:00.
MADRUGADORES	Servizo dispoñible dende as 08:30.
FRIAMEIRA	De 14:00 a 15:00.
LUGAR	Vigosónico — Estrada do Portal s/n, Valadares (Parque Tecnolóxico de Valadares).

08 INSCRICIÓN

REQUISITOS PARA PARTICIPAR

Perfil recomendado:

- Idade: entre 13 e 25 anos cumpridos en 2026.
- Interese real pola música en calquera das súas formas.
- Actitude participativa e ganas de aprender e traballar en equipo.

Experiencia previa (orientativa, non excluín-te):

- Ter contacto previo coa música (instrumento, canto, produción...).

Recomendacións técnicas (na medida do posible):

- Instrumentos propios (guitarra, baixo ou outros).
- A batería estará dispoñible no local.
- Portátil ou tablet para os obradoiros de produción e de IA musical.

FICHA DE INSCRICIÓN · PRAZO ATA O 21 DE XUÑO DE 2026

FORMULARIO DISPOÑIBLE NAS WEBS —

www.xuventudevigo.org | www.vigosónico.com (apartado Laboratorio)

1. Datos do solicitante

Pai/nai ou titor/a legal (se a persoa participante é menor de idade) ou directamente a persoa participante se é maior de idade:

- Nome e apelidos.
- Teléfono de contacto.
- Correo electrónico.
- Relación coa persoa participante.
- Autorización para participar (checkbox e sinatura).

2. Datos da persoa participante

- Nome e apelidos.
- DNI / NIE.
- Idade.
- Enderezo completo.
- Localidade e código postal.
- Teléfono móbil.

3. Perfil musical e motivación

- Tocas algún instrumento? Cal? (Sen importar o nivel.)
- Contas co teu propio instrumento?
- Queres iniciarte noutro instrumento (batería, guitarra, baixo ou técnica vocal)?
- No caso de ser necesario para algunha actividade, contas cun portátil ou tablet?
- Outros intereses relacionados coa música (produción, composición...).
- Cántanos algo máis sobre ti: cantas ou compós? Participaches en bandas, coros ou gravacións? Por qué queres participar? (3–4 liñas).

4. Necesidades específicas ou comentarios

Espazo para indicar adaptacións, alerxias, preferencias ou calquera outra información relevante.

5. Cesión de dereitos de imaxe

Autorizo ao Concello de Vigo e/ou á entidade organizadora a utilizar imaxes ou vídeos nos que apareza a persoa participante con fins educativos ou de difusión cultural do proxecto.

6. Sinatura

Documento a cubrir pola persoa participante ou polo pai/nai/titor/a legal (se é menor de idade):

- Datos identificativos.
- Aceptación das normas da actividade.
- Data e sinatura.

VÉN DESCUBRIR A TÚA VOZ.

VÉN FORMAR PARTE DA NOSA COMUNIDADE

VGSO 2026 · *Laboratorio de Creación Musical para a Mocidade*

BIOGRAFÍA DO NOSO EQUIPO

WÖYZA



Wöyza é cantante e autora, asesora artística, vocal coach e pioneira referente do hip-hop soul e do R&B en lingua española e galega. Comezou a súa carreira musical en Vigo no ano 2003. Nestes case 25 anos de traxectoria levou a súa música a festivais e salas de toda a península ibérica, así como a cidades como Frankfurt, Cidade de México, Nova York, Zúric, Casablanca ou Montevideo.

Formou parte de colectivos como Rebel Babel Ensemble, Unity, V-go! ou Licor Kafé, e colaborou con grandes artistas como Carlos Núñez, Cristina Pato, Nach, Rapsusklei, PutoLargo ou Fermín Muguruza.

Na súa discografía conta con varios álbums e EPs en solitario, así como con numerosos traballos colectivos.

Foi recoñecida nos Premios Galegos da Música Martín Códax con tres galardóns, nos anos 2014, 2019 e 2021, como mellor artista de Músicas Urbanas, entre outros premios. Este ano foille concedido o Premio Alfredo Iglesias pola súa traxectoria musical como personalidade influente na música creada en Galicia.

Actualmente segue en activo e vén de lanzar o seu novo álbum, “Valiosa”, que presenta en concerto cunha nova formación. Compaxina esta actividade coa súa faceta como letrista para outros artistas, asesora de carreiras musicais, vocal coach, especialista en expresión creativa, locutora para publicidade e colaboradora en diferentes proxectos.

MARÍA SOA



María SOA María Pérez, coñecida artisticamente como María SOA, é música, compositora e docente.

Creadora e compoñente do dúo Fillas de Cassandra, xira actualmente co seu espectáculo “Últimas Dionisiacas”, baseado na súa ópera prima “Acrópole”, un proxecto que xa percorreu escenarios como Ortigueira, o ZeidFest en Bilbo ou o Festival Noroeste na Praia de Riazor.

Paralelamente, presentan o EP “Hibernarse” e traballan na produción do seu segundo LP, ao tempo que desenvolven outros proxectos como a canción orixinal da película “Soy Nevenka”, de Icíar Bollaín, e diferentes colaboracións con artistas do sector.

Rematou a súa carreira como intérprete de piano en Estremadura en 2019 e realizou o Mestrado de Interpretación Solista no Conservatorio Katarina Gurska de Madrid en 2020, centrando o seu concerto de fin de máster na mestura entre o piano clásico e as técnicas estendidas.

No ano 2020 asumiu a dirección da Escola de Música Compás, na cidade de Vigo, á fronte da cal estivo durante tres anos. Nese período realizou tamén o Mestrado de Profesorado na UDC, que rematou cunha proposta didáctica baseada na composición e na experimentación na docencia a través dos ritmos urbanos e da raíz, unha liña de traballo que levará a cabo en diferentes obradoiros.

MINGOS LORENZO



Mingos Lorenzo. Domingo Lorenzo Varela, coñecido artisticamente como Mingos Lorenzo, é músico, compositor e produtor vigués. Conta con formación superior en Interpretación de Saxofón, na especialidade de Jazz, e en Son para Audiovisuais e Espectáculos pola EISV de Vigo, ademais do Grao Profesional en Gaita, especialidade de Música Tradicional Galega, todo polo Conservatorio Profesional de Música de Vigo. Ten unha ampla traxectoria dentro da industria musical profesional española, traballando como compositor de letra e música, músico de sesión e creador en sesións para artistas vinculados a compañías como Warner Music e Sony Music. Conta con varios Discos de Ouro polos seus traballos como compositor e intérprete.

Como músico de sesión gravou piano e guitarras para artistas como Luis Cortés, Denom, Babi ou Kadec Santa Anna, e participou en sesións de composición e creación Lola Índigo, Ana Mena, Omar Montes, Beret, Pol Granch, Vicco, con Cepeda, María Parrado, Roi Méndez, Julia Medina, Marta Santos, Dudi, Álvaro García, Lemot, Robledo e Samuraï, entre outros.

Desenvolve o seu proxecto artístico propio baixo o nome delaRía, en colaboración con produtores como Carlos Almazán, Paco Salazar, Juan Guevara e El Alquimista. Compaxina a actividade artística coa dirección coral de agrupacións en Galicia e coa docencia, sendo fundador e director da escola de música Aforart, onde acompaña o alumnado en interpretación, composición e dinámica de estudio.

SALVADOR GARCÍA “SALVA RONKO”



Salva Ronko. Áter ego de Salvador García, deseñador industrial vinculado desde finais dos anos 80 á escena musical de Vigo. Nos primeiros 90 exerceu como manager de Los Ronkos e como crítico musical en “16 Pistas”, do Diario 16 de Galicia, e “32 Pistas”, primeiro periódico musical gratuito de Galicia.

No ano 2000 iniciou o proxecto MAKETÓN: máis de 850 programas en Los40 Vigo, 200 programas en Localia Vigo TV/TeleVigo, máis de 150 concertos organizados e 24 edicións dos Premios da Música Maketón.

Desde 2002 forma parte do Grupo Radio Vigo como coordinador das emisoras musicais Los40 Vigo, M80, Cadena DIAL e Máxima FM Vigo. Actualmente é director de produción e emisións de todas as emisoras do grupo: Radio Vigo SER, SER Baixo Miño, Los40 Vigo, Los40 Classic Vigo e Cadena DIAL Rías Baixas.

Destaca a súa dirección artística da “Gira 100 años Estrella Galicia” en 2006, con máis de 100.000 asistentes na Coruña, Ourense, Vigo e Lugo, e artistas como Siniestro Total, Iván Ferreiro, Cómplices, The Killer Barbies, Xoel López ou Los Limones.

MARTÍÑO MARTÍNEZ



Músico orixinario de Vigo, formouse en guitarra e harmonía moderna na prestixiosa academia Ateneo Jazz de Madrid. Ao longo da súa carreira colaborou cunha destacada lista de artistas, entre os que se inclúen nomes como Juan Rivas, Pablo Novoa, Vicente aka Codi, Wöyza, Josete Villanueva, Nicolás Pastoriza, Amaro Ferreiro e Iván Ferreiro, con quen compartiu escenario durante máis de doce anos. Destacou non só como músico de directo, senón tamén como músico de sesión, contribuíndo a numerosas gravacións de artistas e bandas relevantes. Ademais, compartiu o seu coñecemento musical a través do ensino, impartindo clases en academias como Elite, Galicia Música e Tempo Musical.

ANTONIO LÓPEZ “TOÑO LÓPEZ”



Nado en Vigo en maio de 1982, o nome de Toño López está inevitablemente vinculado á banda galega de rock & soul The Soul Jacket, da que é vocalista e un dos compositores desde 2004. Con eles gravou seis discos e dous EPs, percorrendo escenarios de salas e festivais en gran parte do país, ata converterse nunha banda de referencia no panorama nacional. A súa formación nótrese do blues, o soul e a música con alma. Nos seus 20 anos de carreira foi membro de bandas como Breogain Soul Band ou The Blackingstones, e segue en activo con Los Naipes, Top Secret e, con maior actividade, en Blackstereo, formación coa que prepara o lanzamento do seu primeiro traballo con temas orixinais. Dise del: “Toño é un fillo bastardo de Joe Cocker, un sobriño afastado de Van Morrison, un individuo cunha voz rota capaz de incendiar unha sala de concertos cunha música que navega entre o rock do sur do Misisipi, o blues rural e o soul de Alabama”.

ÁLEX GARCÍA



Profesor de batería en Vigosónico. Nado en Vigo, comezou a tocar a batería no ano 2009 da man de Hal 9000, batería de Los Piratas.

Álex colaborou con bandas como Virandeira Folk, Xhamain, Antifragil ou Villanueva, e realizou xiras nacionais, destacando a de 2017 patrocinada por Ron Brugal. Actualmente está cursando o Grao Superior de Música Moderna e Jazz.

JUAN RIVAS



Juan Rivas é músico, compositor e produtor galego, cunha sólida traxectoria no ámbito da creación musical e da xestión dos dereitos de autor. Ao longo da súa carreira combinou a súa faceta artística —con discos e proxectos propios editados en discográficas como Mercury/PolyGram, EMI e WEA Chappell— cun profundo coñecemento do ecosistema cultural e creativo. Foi presidente do Consello Territorial da SGAE en Galicia e padroeiro da Fundación SGAE a nivel estatal, participando activamente na defensa dos dereitos das persoas creadoras e na modernización das entidades de xestión colectiva. Actualmente coordina o espazo público do Concello de Vigo Vigosónico, asesora proxectos de innovación nas industrias culturais e creativas, e forma parte de iniciativas de formación dirixidas ás novas xeracións de artistas. A súa visión

combina a experiencia artística, o coñecemento técnico e a vontade de preparar a mocidade para afrontar os retos da música na era dixital.

MIGUEL AREÁN



Fundador de Polygon-e e PolygoneStudios, leva máis de 15 anos dando forma á creatividade por todo o mundo. Aínda que estudou Química, leva máis de 20 anos dedicado á tecnoloxía e á transformación da creatividade en proxectos, tanto propios como para terceiros. Foi responsable de iniciativas como Faneka Gaming, CricktoGame e, no ámbito da formación, desenvolveu proxectos como ActivationCode. Como formador impartiu cursos FIP/AFD ou FPO e outras accións formativas na rama de Informática para numerosas institucións, centros de formación e empresas, ademais de realizar charlas e conferencias de divulgación sobre TIC. Actualmente utiliza diferentes programas nos que aplica a intelixencia artificial á composición e produción musical, así como ao desenvolvemento no sector dos videoxogos.

MARÍA FERREIRÓS GONZÁLEZ



Graduada en Publicidade e Relacións Públicas pola Universidade de Vigo, Máster en Dirección e Xestión de Industrias Culturais e Creativas pola Universidade Europea Miguel de Cervantes e Bootcamp UX/UI Designer pola UXER School, está ademais especializada en Marketing Musical polo Instituto de Xestión Cultural e Artística. A súa traxectoria combina a creación musical —como baixista en proxectos de temas propios e en proxectos de versións para eventos— coa xestión cultural e a comunicación de marca para artistas e festivais. Foi directora de Comunicación do Ollie Navia Festival en 2023, traballou en xestión cultural na Deputación de Pontevedra, no departamento de Comunicación de Esmerarte, produción do Morrasound Rock Fest e no deseño de páxinas web con Siweb. Entre 2024 e 2025 encargouse da xestión de comunicación e da identidade de marca de proxectos artísticos como Escusalla Sonora e Simia. Colabora desde 2021 co medio cultural Un Clavo Ardiendo, e mantén actividade independente como xestora de redes e deseñadora de marca para proxectos musicais e festivais.

Carolina López



Monitora de Tiempo Libre

MIGUEL MARCOS FERNÁNDEZ




Miguel Marcos é músico, produtor, escritor e docente. Participou en máis de 40 discos. É compositor de bandas sonoras para cine, televisión, publicidade e podcast. Ten dous proxectos artísticos: Le Voyeur e Nueva Tragedia, cos que gravou 7 discos e xirou e actuou en festivais de España, Portugal, Francia, Inglaterra, Alemaña e os Estados Unidos. Conta no seu haber con dous libros publicados ata a data e imparte clases de *songwriting*, harmonía, composición, arranxos e ficción sonora. Actualmente é director da Área de Creación Musical e Narrativas Sonoras da Escuela de Escritores.

RAFAEL FERIJANES (SOLEMNE)



Técnico de son e produtor vigués con máis de 20 anos de experiencia en estudio propio. Desde 2006 produce, mestura e masteriza para selos como Universal Music Spain, BOA Música e Wötown. En 2023 impartiu o obradoiro de Gravación e Mestura no Estudio Vigosónico. Compuxo partes musicais para series de televisión —A3media / Antena 3— e dirixiu a parte técnica do programa da Radio Galega “Seres de ben”. Grado Superior en Son pola E.I.S.V. de Vigo e Educación Primaria, coa especialidade de Audición e Linguaxe, pola Universidade de Vigo.

MARTA HERRERO



Monitora de tempo libre y ocio.

JAVIER DE LA TORRE “JT”



Licenciado en Belas Artes pola Universidade de Vigo e profesional xeneralista do sector audiovisual.

Actualmente é profesor na Escola de Imaxe e Son de Vigo, EISV, onde imparte materias relacionadas coa caracterización e o deseño de personaxes, así como con VDJ, animación e videoxogos. Tamén ten en desenvolvemento un proxecto de pipeline de IA para produción audiovisual, que se impartirá no centro. Colaborou na caracterización de personaxes para videoclips como “Omertá”, de Bala, e na creación de escenarios CGI para “It’s So Easy”, de Eagles of Death Metal.

Ademais, foi DJ residente durante máis de 25 anos en locais da escena rock e soul de Pontevedra, como O Xolda, Clan Cabaret ou Pequeno Karma. Actualmente segue en activo.

ORGANIZA

Concellería de Xuventude
Concello de Vigo

PRAZO DE INSCRICIÓN

Ata o 21 de xuño de 2026

Prazas limitadas

FORMULARIO DISPOÑIBLE NAS WEBS —

www.xuventudevigo.org |

www.vigosónico.com (apartado
Laboratorio)